


## RECOMENDACIÓNS

- Mellorar o sistema de información interno para conseguir obter datos precisos e oportunos para a toma de decisións.
- Facer unha análise da capacidade de produción, intentando conseguir a plena produción.
- Analizar as distintas fontes de financiamento existentes e o seu custe.
- Estudar a utilidade da cada proxecto de investimento e de cada actividade, así como a súa viabilidade técnica e económica, e a forma máis axeitada de financeira.
- Fomentar o compromiso das persoas socias co cooperativismo.
- Determinar unha marxe axeitada que lle permita á cooperativa realizar a súa actividade con garantía.



## Coñecendo o cooperativismo na gandería

### Características principais




FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## DIMENSIÓN das cooperativas gandeiras


	Mostra		
	2012	2013	Variación (%)
Número de cooperativas	36	35	-2,78%
Promedio número de persoas socias	304	303	-0,33%
Promedio número persoas traballadoras	13,19	13,37	1,36%
Promedio facturación (millóns €)	6,67	6,85	2,70%

### Persoas socias (gandería)




- A evolución da cifra media de persoas socias diminúe durante os exercicios 2010 e 2011. En 2012 volve producirse un cambio, volvendo a medrar despois de dous anos de diminución. Durante o exercicio 2013 mantense en valores similares aos do ano anterior.

### Persoas Traballadoras (gandería)



- No ano 2012 a cifra media de persoas traballadoras comeza a incrementarse pro primeira vez dende 2009, incremento que continúa en 2013 aínda que é moito menos significativo.

## Facturación (gandería)



- Rompendo coa tendencia dos últimos anos, en 2012 obsérvase un incremento do volume medio de facturación das cooperativas gandeiras que continúa no exercicio 2013 alcanzando unha cifra media de 6,85 millóns de euros.

## AS PERSOAS Cooperativas gandeiras


	Idade	Xénero	Estudos
Persoas socias	40-55	Varón	n.d.
Consello Reitor	48	Varón	Básicos
Presidencia	54	Varón	Básicos
Xerencia	46	Varón	Universitarios

- O 44% das persoas asociadas ás cooperativas gandeiras de Galicia ten entre 40 e 55 anos.
- O 55% das persoas socias son homes.
- Tanto no Consello Reitor, como na presidencia coma na xerencia predominan os homes na súa composición.
- Os membros do Consello Reitor e a persoa encargada da presidencia contan con estudos básicos; mentres que a persoa da xerencia posúe estudos universitarios.


Todos os datos, que non son evolutivos, corresponden a 2013.  
Preséntanse os datos das cooperativas gandeiras..

## XÉNERO dos órganos de xestión das cooperativas gandeiras


### Consello Reitor



### Presidencia




### Xerencia




- Só o 9% dos membros do Consello Reitor das cooperativas gandeiras de Galicia son mulleres.
- Algo máis do 4% das presidencias están ocupadas por mulleres, tanto no total da mostra coma nas cooperativas gandeiras.
- Menos do 30% dos postos xerenciais das cooperativas gandeiras están ocupados por mulleres.

## EMPREGO



- As contratacións fixas superan en máis de sete veces as contratacións temporais tanto no total da mostra como nas cooperativas gandeiras.
- Importante presenza feminina no departamento de administración das cooperativas.
- O 65,71% das sociedades gandeiras confía na necesidade de contar cun xerente para a administración da empresa


## FORMACIÓN



- Destaca a importancia que lle dan as cooperativas á formación.
- O 60% dos cursos impartidos nas cooperativas gandeiras de Galicia foron realizados en colaboración con AGACA.
- Os temas máis tratados son: o cooperativismo (67%), seguidos das NTICs (30%).
- En torno ao 20% das cooperativas gandeiras de Galicia usa algún método de teleformación na impartición dos seus cursos.


## ANÁLISE económico-financeira

### Estrutura económica



- A estrutura económica das cooperativas gandeiras alcanza un volume de máis de 82 millóns de euros, dos que o 45,12% corresponden a activo non corrente e o 54,88% a activo corrente. Esta estrutura é semellante na mostra.

### Estrutura financeira



- O patrimonio neto das cooperativas gandeiras alcanza un importe de 36,05 millóns de euros, o que representa un 43,88% das fontes de financiamento.